

Semana Santa, Lugo 2005

Excmo. Sr. Frei Xosé Gómez, Bispo da nosa diocese, Sr. Presidente da Xunta de Confrarías, autoridades e amigos lugueses todos. Debo confesar que despois de recibi-la cordial invitación da Xunta de Confrarías, ocorréuseme olla-lo elenco dos meus predecesores. A súa vista fíxome considera-la responsabilidade que aceptara, mais de seguida concluín que entre tanta xente ilustre non desentoaba, de cando en vez, poñer algún da canteira. A miña vinculación externa coa celebración da Semana Santa luguesa foi moi sinxela. Hai anos comecei como membro do pobo xudeu. Pouco despois alisteime no exército hebreo e de alí pasei ó exército romano. Non coidaba entón que aquela sería toda a miña experiencia militar, pois, anos máis tarde, saín *excedente de cupo* no exército español.

Atopámonos xa ás portas da Semana Santa, no Lugo do ano 2005 da era cristiá. Os católicos "*cremos e confesamos que Xesús de Nazaret, nado xudeu dunha filla de Israel, en Belén, no tempo do rei Herodes o Grande e do emperador César Augusto; de oficio carpinteiro, morto na cruz en Xerusalén, baixo o procurador Poncio Pilato, durante o reinado do emperador Tiberio, é o Fillo eterno de Deus feito home, que saíra de Deus (Xn 13, 3), baixou do ceo (Xn 3, 13; 6, 33), veu en carne (1 Xn 4, 2), porque «a Palabra fíxose carne, e plantou entre nós a súa tenda, e nós vímo-la súa gloria, gloria coma de Unixénito que ven do Pai, cheo de graza e de verdade... E da súa abundancia recibimos todos nós graza e máis graza» (Xn 1, 14. 16).*

Este axeitado resumo da vida de Xesús, exposto no punto 423 do Catecismo da Igrexa Católica¹, pode servir para intuír-la grandeza dos acontecementos que nos dispoñemos a celebrar. Do mesmo xeito ca Cruz, tamén estes acontecementos teñen unha horizontalidade que abrangue a historia dos homes e unha dimensión vertical que ergue esa historia ata a eternidade. E na intersección está o Deus feito home, o noso Xesús.

Deus Pai quixo para o seu Fillo unha Humanidade completa, no seo da Sagrada Familia, con referencia paterna e materna. San Xosé e Nosa Señora foron o seu agarimo no senso global do termo: quixérono, acollérono, protexérono e educárono. San Xosé coñecería dalgún xeito os acontecementos da Paixón. A Escritura, madurecida no seu corazón pola meditación e a praxe, e integrada na unidade de vida, faríalle barrunta-la entrega de Xesús, que aceptaría coma un novo Abraham en louvanza a Deus. Nosa Señora viu, máis aínda, viviu, a morte infame do Inocente convertida en espectáculo público, coma se tratarse fora da festa dunha vila². A carón deles, poderemos decatarnos e aproveitarmos da profundidade do padecemento, do Amor e da saúde que alí se nos manifesta.

O Vía Crucis na Muralla, feliz iniciativa da Xunta de Confrarías, a meditación dos misterios dolorosos do Santo Rosario e outras devocións, esculpidas ó longo dos séculos polo agarimo dos fieis, poñen a nosa alma no camiño do Gólgota. Este camiño nace coa Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén. No

¹ *Catecismo de la Iglesia Católica*. Asociación de Editores del Catecismo. Madrid 1992.# 423.

² Cfr. F. Suárez. *Después de esta vida*, 5ª ed. Ed. Rialp. Madrid 1997. Páx. 217.

limiar da Semana Santa luguesa acóllenos a Nosa Señora da Esperanza, para levarnos, nos vindeiros días, á procura do derradeiro significado daquela Cruz que se ergue fora das portas de Xerusalén. Atoparémolo Bo Xesús e mailo Nazareno; máis adiante ó Santo Cristo do Perdón e a Nosa Señora da Piedade; a Santa Cea, o Desencravo do Señor e as Meirandes Dores de María Santísima; o Santo Enterro e a Nosa Señora da Soidade na compañía das súas *Caladiñas*.

A percepción inconsciente da Semana Santa é a dunha lembranza dolorosa. Mais, na realidade é un rosario de ledicias: celébrase o regalo do Perdón, da Eucaristía e a consumación da Redención. San Xosemaría Escrivá deixou escrito que *a alegría ten as súas raíces en forma de cruz*³. Eu coido que da esperanza podemos dici-lo mesmo. Xoán Paulo II fixo por vez primeira en Santiago, no ano 1982, un canto á Europa que fora berce da civilización e ó mesmo tempo unha chamada para que ela sexa conciencia do mundo actual⁴. No ano 1999 celebrouse a asemblea especial para Europa do Sínodo dos Bispos, cun cardeal galego como relator, Bispo de Santiago durante a primeira visita do Santo Padre. Na exhortación apostólica post-sinodal *Ecclesia in Europa* sae o concepto “esperanza” 150 veces, case que as mesmas que Europa (152)⁵. ¿Cal é o motivo de tanta insistencia na esperanza na nosa Europa? ¿Por qué esa teima neste momento histórico? ¿Que pode ofrecernos a todos neste eido a Semana Santa en xeral e a do Lugo no 2005 en concreto?.

³ Cfr. S. Xosemaría Escrivá. “En el taller de José”, en *Es Cristo que pasa*, 25ª ed. Ed. Rialp. Madrid 1988.

⁴ Cfr. Xoán Paulo II. “La renovación espiritual y humana de Europa. Discurso en la Catedral de Santiago de Compostela, 9 de Noviembre de 1982” en *Juan Pablo II en España*. Ed. BAC. Madrid 1982.

⁵ Cfr. Xoán Paulo II. Exhortación apostólica postsinodal *ECCLESIA IN EUROPA*. Roma 2003.

Descartes buscou a verdade seguindo o esquema da dúbida metódica e chegou a dubidar de todo menos de que dubidaba. Hoxe en día moitos dos nosos contemporáneos buscan a liberdade fuxindo de xeito patolóxico de todo o que signifique compromiso. No caso extremo, hai xente que só ten o compromiso de desfacer compromisos. ¿Que quere dicir entón solidariedade? O cambio constante non chega á raíz dos problemas que pretende resolver. Quédase nunha solución aparente cara ós outros e nunha satisfacción momentánea e superficial, egoísta, non altruísta, xa que ninguén pode da-lo que non ten.

Falando da vocación de Abraham, o Santo Padre di que a esperanza é a vertente do futuro na que recae *"...o misterio da soleira que cada un de nós ten que atravesar, impulsado pola chamada mesma e sostido por unha fe que non se arreda ante nada, porque sabe de quen se fiou (2 Tm 1, 12). Cando chegou a súa hora, díxolle ós seus benqueridos Pedro, Santiago e Xoán: ¡Veña!, erguédevos e vaiámonos! (Mc 14, 42). Non era el só quen debía ir polo camiño do cumprimento da vontade do Pai, senón tamén eles con El"*⁶.

Xesús na Cruz cumpre a Alianza plenamente. No meirande dos compromisos, Deus fíxose carne en Xesús. Dende a concepción, intre no que atendendo á ciencia biolóxica o ser da especie xa é individuo e as liñas mestras de todo o seu desenvolvemento quedan definidas, Xesús posúe a natureza humana deica a súa morte e aínda despois dela. Toda a súa existencia na terra foi preparación para ofrenda-la súa vida no Calvario, na primeira Misa. Comendo,

⁶ Xoán Paulo II. *¡Levántaos! ¡Vamos!*. Ed. Plaza Janés. Barcelona 2004. Páx. 178-181.

bebendo e respirando na terra dirixíase, ata no eido físico, á Eucaristía. Nun senso máis extenso, toda a súa actividade humana, na unidade da Persoa, ía levedando ó longo do seu camiñar terreo para ser ofrendada na ara da Santa Cruz. Dende entón cómpre ofrecelo todo, xa que *"...todo colabora para ben dos que aman a Deus,..."* (Rm 8, 28).

O ano 2005 foi elixido por Xoán Paulo II para honra-la Eucaristía. Tralo regalo de Deus ó home, o Santo Padre sinala o camiño para aproveitalo da forma axeitada: *"A Eucaristía é un xeito de ser que pasa de Xesús ó cristián e, polo seu testemuño, tende a irradiarse na sociedade e mais na cultura. Para atinxilo, é preciso que cada un dos fieis asimile, na meditación persoal e comunitaria, os valores que a Eucaristía expresa, as actitudes que inspira, os propósitos de vida que suscita. ¿Por que non ver nisto a consigna especial que podería xurdir do Ano da Eucaristía?"*⁷.

Ó Santísimo Sacramento, froito da Semana Santa, prometémoslle en Lugo fe firme, e a Custodia afastou do escudo de Galicia os dragóns suevos. *"...reconociendo el Reyno lo justo de esta pretensión y la obligación precisa que tiene de acudir a ella por hallarse tan beneficiado de la poderosa mano de Dios pues fue servido conceder a este Reyno, lo que no a ningún otro, pues aunque en todos y en todas partes está presente en esencia, presencia y potencia, en dicha ciudad está siempre real y verdaderamente debajo de las especies sacramentales de que tanto bien se sigue a todas las Ciudades del*

⁷ Xoán Paulo II. Carta apostólica *MANE NOBISCUM DOMINE*. Roma 2004. # 25.

Reyno, al cual sello con su mismo sello haciendo lo más propiamente su esclavo de que tanto se gloria y puede gloriarse, pues tiene tal dueño y tales armas". Este texto, asinado na Coruña o primeiro de marzo de 1669, constitúe un compendio de teoloxía eucarística. É o recoñecemento, por parte da Xunta de Goberno do Reino de Galicia, da especial relación coa que o Santísimo Sacramento quixo honrar a Lugo⁸.

No Concilio celebrado na Catedral de Lugo no 562, convocado e presidido polo Bispo Nitigisio, condenáronse as doutrinas de Arrio e Prisciliano, que entre outras cousas negaban a presenza real de Xesús Cristo na Eucaristía. Como perpetua lembranza do feito concedéuselle á Catedral o privilexio da Exposición perpetua e a Sé episcopal foi erixida metropolitana⁸. Aínda non nacera S. Froilán (s. IX) nin se descubrira o sepulcro do Apóstolo en Compostela.

Unha paréntese. Moitas veces, ó ser interrogado a propósito da miña procedencia, teño contestado: modestia á parte, eu son de Lugo.

Ó pé da Cruz vémo-la medida do valor real do home. No medio da meirande das aflicións producida polos homes a Deus, o home é considerado polo que é, non polo que vale en termos económicos ou de convencionalismo social. Dimas, Malco, o centurión, son un paradoxo só aparente, firme alicerce na realidade. Alí non hai protocolos, nin conxuntos: hai persoas. Alí resoa con forza imperecedoira o "*tede ánimo, que eu vencín ó mundo*" (Xn 16, 33), eixo

⁸ S. Castro S. Freire. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Ed. Celta. Lugo 1951. Páx. 38-39.

da cultura da vida e fundamento de esperanza. Alí foi derrotada a cultura da morte e da manipulación do ser humano, que é sinal de medo e desconfianza. Cómpre edifica-la solidariedade sobre alicerces firmes, non sobre area. A esperanza é o antídoto contra a desvinculación.

Seguimos na Cruz, lendo o que nos di no noso tempo. A tarde do luns 9 de setembro do 1946, a Beata Madre Teresa colleu o tren para ir de Calcuta a Darjeeling. Ó día seguinte, estando aínda no tren, oíu por vez primeira a chamada de Xesús nunha locución interior, na que lle pedía unha fundación adicada ós derradeiros entre os homes para *"sacia-la súa sede de amor e de almas"*. Ante a súa resistencia, entre outras locucións, Xesús díxolle *"ti non morriches polas almas. Por iso non te preocupa o que lles poida suceder. O teu corazón non se ten afogado na dor coma o da Miña Nai. Ámbolos dous démolos todo polas almas, ¿e ti?"*. O *"I thirst"* (teño sede) apareceu nos crucifixos de tódalas súas casas. A sede de Deus, como indican os termos ingleses, é case máis propiedade que circunstancia; é sede de almas e de cariño ó home, a todo home. É tamén sede da nosa sede. ¿Como saciala? As bágoas de María foron a única bebida que Xesús non rexeitou na Paixón. A elas cómpre engadir todo o noso: *"Ademais, todo aquel que vos dea un vaso de auga por serdes seguidores de Cristo, tende por seguro que non quedará sen recompensa"* (Mc 9, 41). E por se quedase dúbida da literalidade da expresión, reafírmase ó falar

⁹ B. Kolodiejchuk, M.C. *El alma de la Madre Teresa: aspectos ocultos de su vida interior (parte 1)*, publicado o 28 de Novembro do 2002 na <http://www.zenit.org/>

do Xuízo Universal: “...porque tiven fame...” (Mt 25, 35). Os pequenos actos cotiáns feitos con e por amor son vasos de auga que van calmando o “*I thirst*”.

Dúas anécdotas da Madre Teresa ilustran a súa xenuína visión da solidariedade. Cando unha persoa lle dixo que non sería capaz de face-lo que ela facía nin por todo o ouro do mundo, contestoulle que por todo o ouro do mundo ela tampouco o faría. Sempre insistía en que canto se fai na súa congregación “*facémolo por Xesús*”¹⁰. Noutra ocasión, preguntada pola cantidade axeitada para unha doazón, respondeu “*cómpre dar ata que doa*”.

Dalgún xeito na consagración Caná é elevado á infinita potencia: dunha auga que é pouca cousa (o que nós levamos para ofrecer na Misa) obtense o Viño da Eucaristía, mediando a obediencia a María: “*facede o que El vos diga*” (Xn 2, 5). Manda servindo: a súa autoridade deriva do meirande acto de entrega que coñeceron os séculos despois do de Xesús Cristo, sempre por amor a Deus e Nel a todos e cada un dos homes. A Xoán encomendoullo en persoa e ata a fin do mundo; non lle encomendou unha humanidade abstracta ou por un pouco tempo.

Nosa Señora ó pé da Cruz obtivo a conversión de S. Dimas. Tamén estaría na casa onde chegaron co tolleito na padiola e o baixaron facendo un oco no tellado e nas outras curacións do seu Fillo. Na lingua oficial da Igrexa dise igual

¹⁰ E. Le Joly. *La Madre Teresa. Lo hacemos por Jesús*. Ed. Palabra. Madrid 1987. Páx. 207.

saúde que *salvación*: co termo latino *salus*. Na actuación de Xesús foron dúas realidades paralelas (alma e corpo) dándolle sempre primacía á salvación.

Nosa Señora ó pé da Cruz sufriu, e moito, mais sen perder de vista a Resurrección. Coma expresa a OMS na súa axeitada definición de saúde, tamén o sufrimento abarca a enteira realidade do home, alén da saúde física. Darlle senso ó sufrimento é tarefa sempre actual, xa que o sufrimento pertence á natureza, caída, do home. De feito, a Redención, acto divino e de suprema Caridade, evita o sufrimento eterno.

A Cruz é fonte de ensino que non se esgotou coa morte de Xesús. Di o Santo Padre: *"...equivócase quen cre que a referencia pública á fe menoscaba á xusta autonomía do Estado e das institucións civís, ou que pode incluso fomentar actitudes de intolerancia. Aínda que non faltaron na historia erros, inclusive entre os crentes, coma recoñecín co gallo do Xubileu, isto non é debido ás raíces cristiás, senón á incoherencia dos cristiáns coas súas propias raíces. Quen aprende a dicir «grazas» coma fixo Cristo na cruz, poderá ser un mártir, pero nunca torturará ós outros"*¹¹. O que sabe dicir "grazas" co corazón tende pontes firmes cos outros polo sentido recoñecemento dos seus actos e fai xermola-la solidariedade.

O Sr. Bispo, nun intercambio epistolar mantido co gallo da posibilidade de culto na Catedral ós nosos paisanos hai pouco canonizados, faloume da presenza do

¹¹ Xoán Paulo II. Carta apostólica *MANE NOBISCUM DOMINE*. Roma 2004. # 26.

Sol (Xesús Sacramentado) e mais da Lúa (Nosa Señora dos Ollos Grandes) na nosa Catedral, que lle poñían a cousa difícil mesmo ó noso benquerido S. Froilán. O Sábado Santo, Nosa Señora *encarnou* a esperanza por delegación do seu Fillo, na liña do sacerdocio de Cristo. Foi a Lúa con maiúscula, a única claridade nas tebras do mundo.

Alén do Sábado Santo do ano 33 da era cristiá, Nosa Señora continúa a ser Raíña da Esperanza. Neste día sae por Lugo Nosa Señora da Piedade. É estrela e faro que alumea no mar de “*medos*” da fe, derivados do abismo entre a entidade do Ser e o noso pobre ser. Tamén é de xeito especial Nai das ánimas do Purgatorio, onde o lume da esperanza e da caridade purifican tódalas imperfeccións, cara ó gozo definitivo e sen fin.

“E se Cristo non está resucitado, a vosa fe é unha ilusión” (1 Cor 15, 17). Unha vez resucitado tivo lugar o Santo Encontro. Despois, co saúdo de “*paz convosco*” (Xn 20, 21), non falou de vinganzas nin reprimendas. Mais ó longo da Historia non cesaron nin cesan os intentos de afoga-la súa mensaxe. Por poñer un exemplo na nosa terra, “*no verán do 997 Almanzor iniciou a meirande das súas campañas, coa única finalidade, ademais da habitual obtención de botín, de cuspir encol dos sentimentos máis profundos dos cristiáns non só da Península senón do orbe enteiro. A súa meta era o meirande centro de peregrinación de Europa enteira, máis aínda ca Roma: o santuario de Santiago de Compostela... As campás do templo foron levadas a ombros de escravos cristiáns ata Córdoba, e as portas de Compostela*

proporcionarían a madeira para arma-los tellados da nova ampliación da Mezquita... ante actos tales algúns cristiáns creron que as desapiadadas accións de Almanzor constituían as tribulacións previas á chegada do Reino de Cristo no ano 1000"¹². Malia o medo dos nosos devanceiros, as campás volveron a Compostela e o sartego do Apóstolo segue a se-la meta de incontables peregrinacións mil anos despois. Cúmrese sempre a promesa de Xesús: as portas do inferno *non praevalerunt*, non prevalecerán contra a Igrexa.

Para garanti-la nosa paz e a de tódolos homes, deixou outro froito da Cruz: a Confesión sacramental. "*... é Cristo quen absolve e fai desaparece-lo pecado... Un pecado que xa non poderá ser aireado á vista dos homes no Xuízo Universal porque non chegará ata alí; desapareceu coa absolución, esfumouse: non existe tal pecado, tal secreto, tal débeda, porque foron xa sometidos a xuízo, publicados ante o sacerdote na confesión e saldados*"¹³. Un exemplo recente da grandeza do que estamos a considerar: O doutor Bernard Nathanson levaba ás costas unha pesada carga de máis de 60.000 abortos, cando atopou na Igrexa Católica a marabilla dun Deus que perdoa. "*¿Que pode levar a un poderoso e recoñecido médico abortista a converterse nun forte defensor da vida e abrange-lo ensino de Xesús Cristo?... por vez primeira en toda a miña vida de adulto encomecei a considerar con seriedade a noción de*

¹² C. Vidal. *España frente al Islam*, 2ª ed. Ed. La Esfera de los Libros. Madrid 2004. Páx. 143,144.

¹³ F. Suárez. *Después de esta vida*, 5ª ed. Ed. Rialp. Madrid 1997. Páx. 74.

Deus, un Deus que permitira que andara por tódolos circuítos do inferno, para ensinarme o vieiro da redención e maila misericordia a través da súa graza"¹⁴.

Tamén Nosa Señora está na Confesión. A Ela "... *non se lle deu o poder de xulgar nin de castigar: só o de interceder, o de avogar*"¹⁵. Din moitos autores espirituais, que, así coma Pedro o acadou, o mesmo Xudas -se o desexara- tería acadado o perdón ós seus pes.

Raiña da Esperanza: na nosa fermosa lingua, na que a palabra *querer* ten o dobre senso de *amor* e de *vontade*, unidos coma corpo e alma, pedímosche a graza de quere-los dons que Xesús nos deixou na primeira Semana Santa. Ti amósasnos cada día, a nós e ó mundo, que o cariño non ten idade e non é un feito anacrónico. Ti, que malia o teu sufrimento non fuches ó Sepulcro pola fe na Resurrección, axúdanos a ver, alén do serán de Venres Santo que ás veces nos envolve, a alborada do Domingo eterno no que volverá o teu Fillo.

Non quero remata-las miñas palabras sen da-las grazas a persoas que tiveron un lugar moi especial nas miñas Semanas Santas luguesas. En primeiro lugar ós meus pais, a quen lles debo, entre outras incontables cousas, o tesouro da fe. Ás irmás Lourido, Rosita e Ofelia, que foron, como xa dixen, os mandos do único exército que coñecín. Se toda persoa que manda soubera harmonizar tan ben cariño, disciplina e mais servizo, o mundo sería moito mellor. Ás irmás López Rodríguez, que con benquerenza concedéronme tantos Luns Santos o

¹⁴ <http://www.aciprensa.com/aborto/nathanson.htm>.

¹⁵ F. Suárez. *Después de esta vida*, 5ª ed. Ed. Rialp. Madrid 1997. Páx. 218.

privilexio de contempla-la entrada de Nosa Señora da Esperanza na Nova. Hei de confesarvos que poucos momentos me teñen conmovido tanto coma a sentida homenaxe da Mariña ferrolá a súa patroa. Cantas veces teño oído fora de Lugo a Salve mariñeira, o maxín tenme levado sen quere-lo ó Campo Castelo.

Grazas de corazón.